



# CURSO DE INICIACIÓN Á ESPELEOLOXÍA

Curso de formación para  
persoas con interese pola  
espeleoloxía

## CURSOS

29-30 de xaneiro

5-6 de febreiro

De 2022

ege | escola galega  
de espeleoloxía



Federación  
Galega de  
Espeleoloxía

## Obxectivos

Este curso busca proporcionar un achegamento pleno á espeleoloxía, ofrecendo unha visión xeral do medio no que se desenvolverá a actividade do espeleólogo/a: **as cavidades**, así como outros aspectos federativos para calquer espeleólogo/a. No eido técnico e formativo o alumnado coñecerá os materiais máis usados nesta modalidade e aprenderá as técnicas básicas de progresión horizontal e vertical: pasos estreitos, laminadores, trepes e destrepes... Tamén aprenderá a moverse pola corda superando dificultades como os fraccionamentos, desviadores, péndulos, nós, pasamáns, entre outras, tanto en ascenso como en descenso.

## Data de realización

29/30 de xaneiro de 2022  
5 / 6 de febreiro de 2022

## Prezo

100€  
Os desprazamentos e  
manutención, serán por  
conta do alumnado

## Modalidade do curso

Semipresencial, 40 horas  
35 horas presenciais, 5 horas na web



## Horario

Sábados, de 09:00 a 14:00h e de 15:00 a 20:00h  
Domingos, de 09:00 a 14:00h e de 15:00 a 20:00h

## Prazas ofertadas

15 prazas por rigorosa orde de inscrición.

## Destinatarios/as

Tódalas persoas maiores de 14 anos federadas  
en espeleoloxía no ano en curso

## Temario Formativo

Técnica e material (individual e colectivo) en espeleoloxía

Técnicas de progresión horizontal; pasos estreitos, gateiras, trepes, destrepes

Técnicas de progresión vertical; ascenso e descenso, cambio de sentido, paso de fraccionamentos, nós, pasamáns, desviadores, péndulos, rápeis guiados, tirolinas e circuítos sen fin

Topografía e Guía pola cova mediante a interpretación da topografía

Nós

Seguridade deportiva

Prevenición

Medio social e ambiental (bioloxía, xeoloxía, climatoloxía, adestramento, cartografía, etc)

**Curso semipresencial; 35 horas presenciais, 5 horas online**



## Inscripción

O prazo de inscrición remata o día 24/01/2022 incluído.  
Cubrir formulario de inscrición, declaración xurada de capacidade física, autorización do/da titor/a no caso dos menores de idade e remitilo a [escuela@espeleoloxia.org](mailto:escuela@espeleoloxia.org)

Unha vez recibido na Escola Galega de Espeleoloxía recibirá a Factura do curso, **entón e só entón deberá abonar o precio do curso e remitir o xustificante de pago a [escuela@espeleoloxia.org](mailto:escuela@espeleoloxia.org)**

No caso de non participar no curso, a FGE reservarase o dereito de devolución do 80% do custe do curso, naqueles casos que acrediten unha xustificación de forza maior por escrito

## Profesorado

Técnicos de dilatada experiencia da Escola Galega de Espeleoloxía

## Material persoal

Cada participante virá provisto de todo o material necesario para a durmida (esteira, saco de durmir) así como roupa cómoda (tamén de recambio), toalla, chinelas, neceser, etc. Recoméndase roupa de abrigo tamén para estar no refuxio

Mono exterior ou funda de traballo, mono interior (mallas/camiseta térmica), botas (de goma ou tipo montaña), casco con iluminación eléctrica, PILAS (tamén de repostos), arnés de espeleoloxía con maillón, arnés de peito, dous cabos de ancoraxe con mosquetóns, puño ou basic con pedal, croll, descendedor stop con mosquetón de freo, luvas (opcional) e 2 metros de cordino de 9mm

A Federación dispón de material básico individual para alugar aos deportistas que o soliciten con 5 días de antelación á realización do curso

•\*A ESCOLA GALEGA DE ESPELEOLOXÍA RESÉRVASE O DEREITO DE REALIZAR MODIFICACIONS, RECTIFICACIÓNS OU CANCELACIÓNS, SE FOSEN NECESARIAS

## Lugar de realización

Centro de Español de Documentación Espeleolóxica;  
Pazo de San Tomé  
Rúa Xulia Pardo Montenegro nº13, Mondoñedo (Lugo)  
<http://www.espeleoloxia.org/web/refugios/>

A dirección poderá modificar o lugar de realización do curso, dependendo da climatoloxía e outros factores

## Diploma outorgado

Diploma de asistencia con aproveitamento ó Curso de iniciación á Espeleoloxía  
Para obter o diploma será necesario asistir o 90% do total do curso e superar o exame teórico/práctico

